

# O MAGOSTO



Equipo de Dinamización  
da Lingua Galega  
CEIP A MAÍA

## CHEGOU O MAGOSTO!

Como Equipo de Dinamización e Normalización da Lingua non podíamos deixar de incluír na nosa programación xeral para o presente curso, unha das festas máis importantes do outono en Galicia: o magosto. Por iso no noso centro desenvolvemos unha proposta variada de actividades con este motivo.

Como nos gusta compartir con vós todo o noso traballo e por suposto o dos vosos fillos e fillas, vos amosamos a través deste pequeno artigo algo del.

1.- Elaboración dun cartel a cargo do Equipo de Normalización lingüística sobre a celebración do Magosto. Fíxose un para cada aula do centro.



2.- Aportar ao profesorado información e materiais para traballar o magosto nas propias titorías.

3.- Elaboración de manualidades con castañas nas clases de Plástica.

- Caracois: 2ºB Primaria.






- Dados e castañas de cores: 4º de Primaria.







COLOREA



COLOREA



---

4.- Proposta de actividades para desenvolver en infantil e no 1º Ciclo de Primaria a partir do material O CICLO FESTIVO solicitado ao Museo do Pobo Galego (MPG).

5.- En coordinación co Departamento de Música e Danza.

- Nas clases de Música e Danza de 2º e 3º Ciclos cantamos a canción: “ *Castañas no Magosto*”. En Infantil e no Primeiro Ciclo tamén cantaron cancións para celebrar o Magosto.

- Ambientación musical durante a semana de referencia do Magosto con música galega axeitada á temática.



- Na Aula Virtual e dentro da materia de Música e Danza o profesorado e tamén os alumnos/as e familias podían atopar, un tema sobre o Magosto elaborada polos mestres especialistas de Música e Danza do centro, Anxo e Mercedes Blanco, para os distintos niveis tanto de Infantil como de Primaria. Aí había cancións, actividades musicais e audicións alusivas ao tema. No caso do terceiro Ciclo na propia plataforma dixital.

6.- O Equipo de Educación Física xunto co Equipo de Dinamización e Normalización da Lingua do CEIP A Maía, coordináronse para facer unha serie de actividades con alumnado para o fomento dos Xogos Tradicionais coincidindo coas datas do Magosto.

Así, se mercou material que servira para estes xogos (Bolos, Sacos...) e durante 3 semanas o alumnado dende 1º ata 6º de Primaria iniciouse e perfeccionouse neste tipo de xogos.

As actividades centráronse principalmente en:

- Xogos de Bolos.
- Xogos de Sacos.
- Xogos de Bolas.
- Xogos de Chapas.
- Xogos de Zancos.
- Xogos de Cordas.





Tamén desde o EDLG, pedimos ao profesorado que nas propias titorías amosaran aos nenos e nenas a través desta páxina do Consello da Cultura Galega a variedade de xogos tradicionais. A idea era que os nenos e nenas reflexionasen un pouco sobre este tema e que fosen coñecedores da importancia que tiveron este tipo de xogos, noutros tempos na infancia dos nenos e nenas galegos.

LIGAZÓN:

CONSELLO DA CULTURA GALEGA. Xogos tradicionais Galegos

<http://xogostradicionais.consellodacultura.gal/>

7.- En coordinación co equipo da Biblioteca.

Realizouse tamén unha exposición de libros sobre a temática do Magosto e do Outono.



8.- No Primeiro Ciclo escribiron a cantiga de magosto “Non chas quero”, e fixeron debuxos relacionados coa letra. Ademais o alumnado de 1º curso visitou as aulas de Infantil A e B e lles cantou aos pequenos e pequenas esta canción popular.

### **“Non chas quero”**

<https://www.youtube.com/watch?v=7fY9jR3ICbg>



9.- En colaboración co Equipo TIC.

Elaboración dun libro viaxeiro coa temática do Magosto para realizar entre varias clases dun mesmo nivel. Neste caso foi elaborado polo alumnado de 5º Primaria. A proposta foi facelo tanto en formato impreso, a fin de que quedase para os fondos da biblioteca, como dixital para publicar na web do centro e compartilo con toda a comunidade educativa.

\*Pendente de publicación nesta web.

Firmado:

**EQUIPO DE DINAMIZACIÓN E NORMALIZACIÓN DA LINGUA**